

RESOLUCIÓN de inscrición como transportista de residuos non perigosos de orixe industrial no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia

Núm.do expediente: 2005-SC-I- 00430

En relación coa notificación presentada por D./D.<sup>a</sup> Álvaro Onega Ares, como representante legal da empresa **TRESAMB LOGISTICA DE CONTENEDORES, S.L.** (CIF: B-27206051), con enderezo social en Calzada Das Gándaras, 11, Local Bajo Dcha, 27003-Lugo (Lugo), a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental incoou o oportuno expediente de acordo cos seguintes ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de rexistro de entrada 14/07/2005 a empresa notificou que realiza a actividade de xestión de residuos non perigosos de orixe industrial que consiste na recollida e transporte dos mesmos. Xunto coa notificación presentou a documentación esixida polo Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Segundo.- O día 14/07/2005 a empresa acreditou ter realizado o aboamento da **taxa administrativa** correspondente á inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Terceiro.- No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios previstos na normativa aplicable.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é competente para coñecer a petición formulada, de conformidade co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no Decreto 174/2005 do 9 de xuño, e no Decreto 106/2004, de 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que ten atribuídas, RESOLVE:

Inscribir á empresa **TRESAMB LOGISTICA DE CONTENEDORES, S.L.** (CIF: B-27206051), con enderezo social en Calzada Das Gándaras, 11, Local Bajo Dcha, 27003-Lugo (Lugo) co número: **SC-I-NP-XRT-00083** no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia para realizar a actividade de **recollida e transporte de residuos non perigosos de orixe industrial.**

Todo elo de acordo coas seguintes condicións:

**PRIMEIRA:** En todo momento deberá cumprir as prescricións que sobre residuos se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos.

**SEGUNDA:** A recollida e o transporte de residuos deberase realizar cos medios e as condicións axeitadas a natureza do residuo e conforme coa normativa de transporte por estrada, adoptando as medidas necesarias para que o traslado se realice en condicións de seguridade e hixiene.



TERCEIRA: Os residuos poderanse transportar unicamente ata os xestores de residuos autorizados.


CUARTA: Esta inscrición outórgase sen prexuízo das licenzas e autorizacións esixibles para exercer a actividade polo ordenamento xurídico.

QUINTA: O incumprimento dos termos desta autorización ou da normativa de aplicación, poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/98, do 21 de abril, de residuos

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (LRX-PAC).

Mediante este documento notificaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da LRX-PAC.

Santiago de Compostela, 19 de Xaneiro de 2006



Joaquín Lucas Buergo del Río  
Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

**TRESAMB LOGISTICA DE CONTENEDORES, S.L.**  
**Calzada Das Gándaras, 11, Local Bajo Dcha**  
**27003-Lugo (Lugo)**